



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE CORRO DOS MOUROS, SANTA MARÍA MADALENA DE ADAI (LUGO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dunha actuación arqueolóxica de investigación e documentación do xacemento arqueolóxico de Corro dos Mouros, Santa María Madalena de Adai (Lugo), campaña 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial asinado se fundamentan no seguinte:

O xacemento arqueolóxico do Corro dos Mouros, tamén chamado O Castrillón, sitúase na parroquia de Santa María Madalena de Adai, no Concello de Lugo, a escasos 8 km ao oeste da propia cidade de Lugo. En concreto, localízase no Monte de Penas do Caldeiro a unha altitude de 529 m.s.n.m., nun enorme esporón que fai contraforte oriental da dorsal meridiana galega e que comunica o val do río Miño ao leste coa Serra do Careón.

A nivel de protección o xacemento arqueolóxico do Corro dos Mouros ten a condición de ben catalogado do Patrimonio Cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens





culturais protexidos do PXOM do Concello de Lugo, co código GA27028042.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio detallado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

